



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIO DO PLENO NÚM. 7 DO 14 DE XUÑO DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

Da. María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

Da. María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

Da. María Sambade Lloréns (Non adscrita)

Da. María Lago Lestón (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

SECRETARÍA XERAL

Da. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as catorce horas do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos pola secretaria do Concello, Da. Mónica Freire Dosil.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación das actas anteriores a núm. 5 do pleno ordinario do 27 de abril de 2023 e a núm. 6 do pleno extraordinario do 28 de abril de 2023



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da actas núm. 5 do pleno ordinario do 27 de abril de 2023 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase por unanimidade a acta núm. 5 do pleno ordinario do 27 de abril de 2023, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3).

A señora alcaldesa pregunta de novo aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto a acta núm. 6 do pleno extraordinario do 28 de abril de 2023 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a actas anterior núm. 6 do pleno extraordinario do 28 de abril de 2023, cos votos a favor do grupo municipal socialista (3), do grupo municipal popular (4) e da concelleira non adscrita, Da. María Sambade Lloréns (1), e coas abstencións da concelleira do grupo municipal socialista, Da. María del Rosario Fernández Piñeiro (1), da concelleira e concelleiro non adscritos, Da. María Xosé Alfonso Torres e D. José Manuel Quintela Fernández (2) e do grupo municipal do BNG (2).

B. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Segundo. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 298/2023 do 3 de abril de 2023 ata o núm. 545/2023 do 8 de xuño de 2023, e das XGL núm. 8 de 13 de abril de 2023, núm. 9 de 21 de abril de 2023 e da núm. 10 do 19 de maio de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Dáse conta.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as catorce e trinta minutos.

Documento asinado dixitalmente polo secretario accidental, D. José Manuel Mayo Priegue co prace da alcaldesa en funcións Da. María Inés Monteagudo Romero.